



## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** BASES CONTRATACION SOCORRISTA

**EXPEDIENTE:** 2017/G003/000001

**D. CÉSAR LONGO QUEIJO, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PADERNE,**

Visto os seguintes **ANTECEDENTES:**

RESULTANDO a necesidade de realizar o servizo de SOCORRISTA

RESULTANDO que as necesidades de acometer este servizo teñen un carácter inaprazable e urgente de dar cobertura a este servizo

CONSIDERANDO que, o Concello de Paderne é beneficiario dunha subvención para a contratación deste servizo ao abeiro da Resolución de concesión do procedemento TR351A Programa de fomento do emprego en colaboración coas entidades locais co número de expediente 2017/000072-1 para o servizo de socorrista da Consellería de Economía, Emprego e Industria de data 30 de xuño de 2017

CONSIDERANDO que as necesidades anteditas deben ser cubertas ,por persoal necesario para a prestación deste servizo

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Aprobar as seguintes bases de selección de persoal

**BASES XERAIS E ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN POR CONCURSO LIBRE DUN SOCORRISTA**

**BASES XERAIS**

1.- Obxecto da convocatoria e normas xerais.

O obxecto desta convocatoria é a selección dun socorrista ao abeiro da Orde de 2 de maio de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o ano 2017.

A contratación farase baixo o réxime de contratación de obra ou servizo (interese social) a xornada completa, por un período de dous meses, coa finalidade de realizar o servizo de socorrismo na piscina municipal. As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de



mañá e tarde, e de luns a domingo, adaptaranse ás necesidades do servizo

As retribucións serán de 1.020,82 € brutos mensuais, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias, segundo a Resolución de concesión do procedemento TR351A Programa de fomento do emprego en colaboración coas entidades locais co número de expediente 2017/000072-1 para o servizo de socorrista da Consellería de Economía, Emprego e Industria de data 30 de xuño de 2017

## 2.- Sistema de selección.

Concurso de méritos.

## 3.-Condicións dos aspirantes.

Para participar nas probas selectivas os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

a) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderá participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, e o dos nacionais dalgún estado en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España cando sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade.

c) Estar en posesión da inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia (Categoría: Instalacións acuáticas). Calquera outra titulación recollida no artigo 6 do Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e se regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia modificado polo Decreto 35/2017, de 30 de marzo polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e se regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.



d) Posuir a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

f) Ser candidato/a remitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia segundo a correspondente Oferta de Emprego presentada na Oficina do SPE de Betanzos

#### 4.-Presentación de instancias.

As solicitudes de participación nas distintas probas selectivas presentaranse mediante instancia dirixida ao Sr. alcalde do Concello de Paderne .

Presentaranse no rexistro xeral do Concello de Paderne, durante o prazo de tres días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Taboleiro de anuncios municipal. As instancias tamén poderán remitirse en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. . Si a solicitude non se presenta no Rexistro do Concello de Paderne, debe enviarse constancia da mesma o fax 981797035 dentro dos días establecidos para a presentación de solicitudes.

Á instancia achegaranse inescusablemente:

- a) Fotocopia compulsada do DNI ou documentación equivalente.
- b) Fotocopia do título esixido no apartado c).
- c) Documentos xustificativos dos méritos que se aleguen para o concurso

#### 5.-Admisión de aspirantes. Data e lugar de celebración das probas.

Rematado o prazo de presentación de instancias, o alcalde, ou órgano delegado, ditará resolución na que se aprobará a listaxe provisional de admitidos e excluídos que se fará pública no Taboleiro de edictos municipal, concedéndose un prazo de dous días naturais para os efectos de



reclamacións dos participantes.

As reclamacións, se as houbera, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a listaxe definitiva, que se publicará do mesmo xeito que a provisional. Nesta mesma resolución figurará a composición do tribunal, lugar, data e hora do desenvolvemento do concurso.

No caso de que, por circunstancias excepcionais, houbera que modificar o lugar, a data ou a hora da realización do concurso, publicarase de igual xeito no Taboleiro de edictos municipal.

#### 6.-Tribunais cualificadores.

O tribunal cualificador do proceso selectivo designarase a teor e de conformidade co sinalado no artigo 60 da Lei 7/07 do 12 do E.B.E.P.

Presidente: O funcionario o persoal laboral da Corporación que se nomee.

Secretario: O funcionario o persoal laboral da Corporación que se nomee.

Vogais: Tres vogais designados pola Alcaldía ou órgano delegado.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estime necesario ou axeitado. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto, e limitaranse ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran co tribunal.

#### 7.-Desenvolvemento das probas e programas.

Os aspirantes serán convocados á entrevista en único chamamento e por orde alfabética, e serán excluídos do proceso selectivo os que non comparezan, agás os casos debidamente xustificadas e libremente apreciados polo tribunal.

A publicación dos sucesivos anuncios relativos ao desenvolvemento desta convocatoria, efectuarase no taboleiro de anuncios da Corporación.



## 8.- Relación de aprobados, presentación de documentos e contratación

8.1.- Concluídas as probas, o tribunal publicará a relación de aprobados por orde descendente de puntuación, sen poder superar estes o número de prazas convocadas e elevará a devandita relación, xunto coa acta da última sesión, á Alcaldía ou órgano delegado quen efectuará a contratación.

8.2.- No prazo de cinco días naturais a contar desde o seguinte a aquel no que se fixeron públicas as listas, os aspirantes aprobados deberán presentar na Área de Persoal do Concello a seguinte documentación:

1. Orixinal do seu documento nacional de identidade ou documentación equivalente.
2. Orixinal do título ou diploma en base ao cal se procedeu á admisión, ou ben xustificante de ter cumpridos todos os requisitos para a expedición do mesmo. Se estes documentos se expediran despois da data de remate do prazo de presentación de instancias, deberán xustificarse á data na que finalizaron os correspondentes estudos.
3. Recoñecemento médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se opta.
4. Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
5. Declaración xurada de non atoparse incurso en ningún dos supostos de incapacidade específica consonte á normativa vixente.
6. Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.
7. Orixinal da cartilla da seguridade social (no caso de ter estado de alta).
- 8.3.- Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar a documentación requirida, poderá acreditarse que se reúnen as condicións esixidas na convocatoria, mediante calquera medio de proba admisible en dereito.
- 8.4.- Quen dentro do prazo indicado e salvo casos de forza maior non presentara a documentación, non poderá ser contratado, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puideran incorrer por falsidade na súa instancia.



8.5.- Cumpridos os requisitos referidos, o alcalde ou órgano delegado realizará a contratación do aspirante proposto.

8.6.- O aspirante co que se formalice a contratación estará obrigado a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, con horario de mañá ou tarde, ou fraccionando a xornada se fora preciso. Quedará sometido a un período de proba co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores.

9.- Listaxe de reserva.

Ao rematar o proceso selectivo formarase unha relación das persoas, en orde descendente de puntuación. Os que formen parte da mesma poderán ser chamados (sempre respectando a orde da lista), para cubrir prazas similares ou situacións de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal, maternidade ou calquera outra circunstancia, en prazas de similares características deste concello.

Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ao rematar o período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que pode ser chamado novamente para outra contratación.

10.- Recursos.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do días seguinte á recepción da presente notificación (artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa), ou ben, previamente e con carácter potestativo, recurso de reposición ante o órgano autor da disposición impugnada, no prazo dun mes (artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro), sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

## BASES ESPECÍFICAS

1.- Sistema de selección.

Concurso de méritos



## CONCURSO DE MÉRITOS:

### 1. Méritos a avaliar:

Todos os méritos obxecto de valoración deberán ser achegados dentro do prazo de presentación de instancias.

#### a) Experiencia profesional ou servizos prestados, ata un máximo de 6 puntos.

Por servizos prestados en calquera Administración Pública ou empresa privada como socorrista: 0,10 puntos por mes, ata un máximo de 6 puntos.

A acreditación dos servizos prestados efectuarase mediante certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral de Seguridade Social acompañado do certificado de empresa no que conste a categoría na que se teñen prestado os servizos e/ou contrato de traballo. A non presentación de ambos documentos (vida laboral + certificado de empresa e/ou contrato de traballo) suporá a non valoración do mérito alegado.

Non se terán en conta os servizos prestados como autónomo.

#### b) Cursos, ata un máximo de 5 puntos:

##### a) Cursos de galego:

&#8211; Celga 3 (curso de Iniciación da Lingua Galega): 0,25 puntos.

&#8211; Celga 4 (curso de perfeccionamento da Lingua Galega): 0,50 puntos

Só se avaliará o de nivel máis alto dos alegados.

##### b) De formación: cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver impartidos por unha administración ou entidade pública ou homologadas por elas:

&#8211; De menos de 20 horas: 0,10 puntos por curso.



&#8211; De 20 a 40 horas: 0,30 puntos por curso.

&#8211; De máis de 40 horas: 0,50 puntos por curso.

A puntuación máxima que se poderá acadar no apartado b) será de 5 puntos.

A acreditación da realización dos cursos de galego farase mediante certificado expedido ou homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística ou Consellería de Educación, e a dos demais cursos mediante o correspondente certificado da súa realización expedido pola EGAP, Universidade ou calquera Administración Pública, organismos da administración e institucións públicas ou debidamente homologadas por esta. Non serán obxecto de avaliación os certificados expedidos por academias privadas senón se xustifica a homologación sinalada.

Paderne, 5 de xuño de 2017

O Alcalde- Presidente

Asdo. César Longo Queijo

D/D<sup>a</sup>.....

titular do DNI nº....., e con enderezo a efectos de notificación,

en.....,

CP....., Teléfono:.....





EXPOÑO:

Que solicito ser admitido/a para as probas de proceso selectivo por concurso correspondente a un posto de SOCORRISTA, de acordo coa convocatoria publicada no Taboleiro de Edictos do Concello.

Declaro coñecer as Bases reguladoras desta convocatoria.

Que reúno todos os requisitos esixidos na Base terceira.

Que achego a esta solicitude, de acordo coas citadas bases, a documentación seguinte:

&#61553; Fotocopia compulsada do carnet de identidade.

&#61553; Fotocopia compulsada do título exisido no apartado c.

&#61553; Outros meritos

En Base ó exposto:

SOLICITO:

A miña inclusión no proceso selectivo, convocado polo Concello de Paderne.

Paderne, de de 2017

Sr. Alcalde do Concello de Paderne

O Alcalde/Presidente

César Longo Queijo

Sr. Alcalde do Concello de Paderne



exp. 2017/G003/000001